



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0217	Atención hixiénica	2018/2019	3	87	87

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LAUREANO DOMÍNGUEZ FRANCISCO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo de ATENCIÓN HIXIÉNICA DO ZMAPSD, tomado como referencia do DECRETO 226/2012, do 18 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de intervención e execución, e de prevención e seguridade.

A función de intervención e execución abrangue aspectos como:

- Recollida de información.
- Organización da actuación.
- Establecemento de axudas técnicas.
- Desenvolvemento da actuación.
- Aplicación de estratexias de intervención.
- Control, seguimento e avaliación das actividades.
- Elaboración e formalización da documentación asociada.
- Información e orientación ás persoas usuarias e a outras persoas.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse no sector de servizos de atención ás persoas en situación de dependencia e, máis concretamente, no ámbito de apoio asistencial.

A función de prevención e seguridade, abrangue aspectos como:

- Xeración de contornos seguros.
- Utilización de equipamentos de protección individual.
- Aplicación da normativa de seguridade e prevención.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Aplicación de procedementos e técnicas de atención hixiénica en situacións e contextos diversos.
- Adopción de medidas de seguridade e prevención en relación á persoa usuaria e ao persoal profesional.
- Mantemento de actitudes de empatía e comprensión ante os problemas e as dificultades da persoa en situación de dependencia.
- Traballo en equipo e colaboración como estratexias para mellorar a atención á persoa usuaria.
- Comunicación clara e precisa da información, atendendo ás características das persoas interlocutoras no proceso da atención hixiénica.
- Uso de tecnoloxías da información e da comunicación para o control e o seguimento da intervención e da evolución da persoa.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Plan de cuidados e atencións hixiénicas da persoa en situación de dependencia. Control e seguimento das actividades de atención hixiénica	Selección dos recursos necesarios e identificación das atencións hixiénicas. Elaboración de protocolos de actuación.	7	15
2	Prevenición e control de infeccións. Procedementos de illamento	Infeccións nosocomiais. Aplicación de técnicas de hixiene. Lavado de mans. Aplicación de técnicas de vestirse asepticamente. Técnicas de illamento.	15	15
3	Limpeza, desinfección e esterilización de materiais e utensilios.	Aplicación de técnicas de limpeza de material. Verificación do proceso e acondicionamento do material limpo. Principios básicos de desinfección. Métodos de desinfección. Principios básicos de esterilización. Métodos de esterilización.	15	20
4	Hixiene da habitación e da cama. Resíduos biolóxicos.	Composición da unidade do enfermo Técnicas para facer a cama ocupada, desocupada e cirúrxica. Formas de abrir a cama. Clasificación e xestión dos residuos biolóxicos.	20	20
5	Hixiene e aseo da persoa dependente. A pel. Úlceras por presión.	Baño completo e parcial. Técnicas de vestido e calzado. Anatomía e fisioloxía da pel, lesións elementais e patoloxía máis frecuente. Prevenición e tratamento das úlceras por presión.	15	15
6	Recollida de mostras biolóxicas e eliminacións. Paciente incontinente e colostomizado. Coidados postmortem.	Tipos de mostras biolóxicas. Manipulación, transporte, conservación e eliminación das mostras biolóxicas. Coidados paliativos no enfermo terminal. Agonía e morte.	15	15



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Plan de cuidados e atencións hixiénicas da persoa en situación de dependencia. Control e seguimento das actividades de atención hixiénica	7

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as actividades de hixiene das persoas en situación de dependencia e o seu contorno, en relación coas súas características e coas súas necesidades.	SI
RA4 - Realiza o control e o seguimento das actividades de atención hixiénica, para o que analiza os protocolos de observación e rexistro establecidos.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse o plan de cuidados individualizado da persoa en situación de dependencia.
CA1.2 Identifícanse as atencións hixiénicas requiridas por unha persoa, tendo en conta o seu estado de saúde e o seu nivel de dependencia.
CA1.3 Relacionáronse as circunstancias da persoa en situación de dependencia coas dificultades que implican na súa vida cotiá.
CA1.4 Identifícanse as características do contorno que favorecen ou dificultan a autonomía da persoa e o seu estado de hixiene persoal.
CA1.5 Comprobase que as condicións ambientais sexan as adecuadas para atender as necesidades específicas da persoa.
CA1.6 Argumentouse a necesidade de coñecer as posibilidades de autonomía e participación da persoa nas actividades hixiénico-sanitarias e de mantemento das súas capacidades físicas.
CA1.7 Selecciónanse os recursos necesarios indicados no plan de cuidados individualizado ou no plan de vida independente.
CA1.8 Propúxéronse axudas técnicas adecuadas para facilitar a autonomía da persoa na satisfacción das súas necesidades de hixiene.
CA4.1 Identifícanse as características que deben reunir os protocolos de observación, control e seguimento do estado de hixiene persoal das persoas usuarias e do seu contorno.
CA4.2 Recolleuse información sobre as actividades relativas á hixiene da persoa usuaria e do seu contorno, e ás continxencias xurdidas.
CA4.3 Cubríronse protocolos manuais e informatizados de observación, seguindo as pautas establecidas en cada caso.
CA4.4 Obtívose información da persoa ou das persoas ao seu cargo mediante diferentes instrumentos.
CA4.5 Aplicáronse as técnicas e os instrumentos de observación previstos para realizar o seguimento da evolución da persoa, e rexistráronse os datos obtidos segundo o procedemento establecido.
CA4.6 Transmítiuse a información polos procedementos establecidos e no momento oportuno.
CA4.7 Argumentouse a importancia do control e do seguimento da atención hixiénica da persoa usuaria para mellorar o seu benestar.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Hixiene persoal e ambiental.
Identificación dos principais signos de falta de hixiene persoal e ambiental.



**Contidos**

Determinación dos recursos para o aseo e a hixiene.

Toma de conciencia sobre a importancia de favorecer as posibilidades de autonomía da persoa en situación de dependencia nas actividades de aseo e hixiene.

Papel do persoal técnico en atención a persoas en situación de dependencia.

Aplicación de técnicas e instrumentos de obtención de información sobre a hixiene das persoas en situación de dependencia e o seu contorno: Protocolos de observación e rexistro.

Obtención de información das persoas usuarias e das persoas cuidadoras non pr

Aplicación de técnicas e instrumentos para o seguimento das actividades de atención hixiénica.

Utilización de rexistros manuais e informatizados: rexistro do estado das axudas técnicas para a hixiene persoal, e rexistro de incidencias.

Transmisión da información recollida ao equipo interdisciplinar.

Valoración da importancia da precisión e a obxectividade no rexistro dos datos.



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Prevenición e control de infeccións. Procedementos de illamento.	15

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica técnicas de hixiene do contorno, logo de seleccionar os procedementos e os materiais con criterios de eficacia, prevención e seguridade.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.3 Descríbense as medidas xerais de prevención das doenzas transmisibles.
CA3.4 Descríbense os principios das técnicas de illamento en función do estado da persoa.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Prevenición e control de infeccións. Procedementos de illamento e prevención de doenzas transmisibles: Etioloxía das doenzas nosocomiais. Doenzas susceptibles de illamento.
Aplicación de técnicas de lavado de mans.
Aplicación de técnicas de colocación de gorro, máscara, luvas estériles e batas estériles.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Limpeza, desinfección e esterilización de materiais e utensilios.	15

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica técnicas de hixiene do contorno, logo de seleccionar os procedementos e os materiais con criterios de eficacia, prevención e seguridade.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.5 Aplicáronse os métodos e as técnicas de limpeza, desinfección e esterilización de materiais de uso común, respectando os controis de calidade deses procesos e a normativa no tratamento de residuos.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Valoración da necesidade de hixiene na atención integral da persoa en situación de dependencia.</p> <p>0Limpeza e desinfección de material e utensilios.</p> <p>Principios básicos de desinfección.</p> <p>Identificación dos principios básicos aplicables á limpeza do material sanitario: procedementos de limpeza.</p> <p>Identificación de principios básicos de esterilización de material: métodos físicos e químicos.</p> <p>Preparación de disolucións e dilucións.</p> <p>Aplicación de métodos de esterilización.</p> <p>Importancia da eficiencia na aplicación dos métodos de esterilización.</p>



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Hixiene da habitación e da cama. Residuos biolóxicos.	20

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica técnicas de hixiene do contorno, logo de seleccionar os procedementos e os materiais con criterios de eficacia, prevención e seguridade.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense as condicións hixiénico-sanitarias e de orde da habitación da persoa usuaria.
CA3.2 Aplicáronse diversas técnicas de realización e limpeza da cama da persoa usuaria, adaptadas ao seu estado e ás súas condicións para favorecer a súa comodidade e o seu confort.
CA3.6 Adoptáronse medidas de prevención, de seguridade e de protección individual no transcurso das actividades de hixiene.
CA3.7 Informouse a persoa usuaria, a familia e as persoas cuidadoras informais con respecto ás condicións hixiénicas que debe cumprir o contorno.
CA3.8 Informouse a persoa usuaria e as persoas cuidadoras non profesionais con respecto á utilización dos produtos e dos materiais necesarios para a hixiene do contorno.
CA3.9 Explicáronse os procedementos de recollida, traslado, tratamento e eliminación dos residuos biolóxicos.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Tipos de camas, accesorios e lenzaría.
Carros de curas.
Realización de camas ocupadas e desocupadas.
Habitación da persoa institucionalizada: condicións ambientais.
Clasificación e xestión de residuos biolóxicos: precaucións universais.
Valoración das condicións hixiénico-sanitarias do contorno da persoa en situación de dependencia.





#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Hixiene e aseo da persoa dependente. A pel. Úlceras por presión.	15

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica técnicas de hixiene e aseo persoal, para o que analiza as necesidades e as condicións da persoa en situación de dependencia e o seu contorno.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Explicáronse as principais medidas preventivas das úlceras por presión, así como os produtos sanitarios para a súa prevención e o seu tratamento.
CA2.2 Aplicáronse os procedementos de aseo e hixiene persoal, total ou parcial, en función do estado e das necesidades da persoa.
CA2.3 Realizáronse técnicas de vestidura e calzado, tendo en conta as necesidades e o nivel de autonomía da persoa.
CA2.4 Amosouse sensibilidade cara á necesidade de potenciar a autonomía da persoa.
CA2.7 Adoptáronse medidas de prevención, seguridade e protección individual no transcurso das actividades de hixiene.
CA2.8 Informáronse as persoas en situación de dependencia e as persoas cuidadoras non profesionais en relación aos hábitos hixiénicos saudables, sobre os produtos e os materiais necesarios, e sobre a súa correcta utilización.
CA2.11 Identificáronse as lesións elementais primarias e secundarias da pel.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Principios anatomofisiolóxicos da pel e fundamentos de hixiene corporal.
Aplicación de técnicas de aseo e hixiene corporal.
Aplicación das técnicas de hixiene a persoas encamadas.
Prevenición e tratamento de úlceras por presión.
Utilización de axudas técnicas para a hixiene e o aseo.
Valoración da necesidade de hixiene na atención integral da persoa en situación de dependencia.



#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Recollida de mostras biolóxicas e eliminacións. Paciente incontinente e colostomizado. Coidados posmortem.	15

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica técnicas de hixiene e aseo persoal, para o que analiza as necesidades e as condicións da persoa en situación de dependencia e o seu contorno.	NO

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Descríbense as técnicas de recollida de mostras e eliminacións, tendo en conta as características da persoa en situación de dependencia.
CA2.6 Aplicáronse os procedementos básicos posmortem seguindo o protocolo establecido.
CA2.7 Adoptáronse medidas de prevención, seguridade e protección individual no transcurso das actividades de hixiene.
CA2.8 Informáronse as persoas en situación de dependencia e as persoas coidadoras non profesionais en relación aos hábitos hixiénicos saudables, sobre os produtos e os materiais necesarios, e sobre a súa correcta utilización.
CA2.9 Realizáronse os coidados da colostomía e o cambio da bolsa colectora.
0CA2.10 Realizáronse os coidados á persoa incontinente e o cambio de cueiros.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Técnicas de recollida de eliminacións: colectores de ouriños (cuña e botella).
Coidados do paciente incontinente e colostomizado.
Coidados posmortem: finalidade; preparación do cadáver.
Medios e técnicas para a recollida e o transporte de mostras biolóxicas.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios de avaliación que se formulan, son criterios mínimos, xa especificados nas diferentes unidades:

U1: -Interpretar o plan de cuidados individualizado da persoa en situación de dependencia

-Identificar as atencións hixiénicas requiridas por unha persoa, tendo en conta o seu estado de saúde e o seu nivel de dependencia.

-Identificar as características que deben reunir os protocolos de observación, control e seguimento do estado de hixiene persoal das persoas usuarias e do seu contorno

-Argumentar a importancia do control e do seguimento da atención hixiénica da persoa usuaria para mellorar o seu benestar.

U2: -Describir as medidas xerais de prevención das doenzas transmisibles

-Describir os principios das técnicas de illamento en función do estado da persoa

U3: -Aplicar os métodos e as técnicas de limpeza, desinfección e esterilización de materiais de uso común, respectando os controis de calidade deses procesos e a normativa no tratamento de residuos.

U4: -Describir as condicións hixiénico-sanitarias e de orde da habitación da persoa usuaria

-Aplicar diversas técnicas de realización e limpeza da cama da persoa usuaria, adaptadas ao seu estado e ás súas condicións para favorecer a súa comodidade e o seu confort

-Explicar os procedementos de recollida, traslado, tratamento e eliminación dos residuos biolóxicos

U5: -Conocer as principais medidas preventivas das úlceras por presión, así como os produtos sanitarios para a súa prevención e o seu tratamento

- Identificar as lesións elementais primarias e secundarias da pel.

U6: -Describir as técnicas de recollida de mostras e eliminacións, tendo en conta as características da persoa en situación de dependencia

-Realizar os cuidados da colostomía e o cambio da bolsa colectora

-Realizar os cuidados á persoa incontinente e o cambio de cueiros

O alumnado debe realizar tódalas actividades propostas de xeito aceptable, que deben ser susceptibles de ser modificadas e corrixiadas, coa axuda do profesorado e apoiándose tamén no grupo.

Para acadar unha avaliación positiva o alumnado evidenciará a consecución de tódolos resultados de aprendizaxe do módulo dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver.

Estes contidos mínimos servirán para:

1. Configurar o plan e probas extraordinarias de avaliación final ordinaria do módulo, para os alumnos ós que non lles é posible realizar a avaliación continua.

2. Planificar as actividades de recuperación do módulo, para os alumnos que non o superasen, na fase de avaliación final ordinaria.

3. As probas da sesión de avaliación final extraordinaria do módulo, que terán lugar logo das actividades e proceso de recuperación, nos períodos establecidos na Orde do 15 de xullo de 2011.

O alumnado deberá realizar todas as tarefas OBRIGATORIAMENTE para seren aplicadas as porcentaxes de cualificación.

As porcentaxes aplicadas ás tarefas e a participación, so se puntuarán unha vez que as probas escritas presenciais acaden a puntuación mínima de 5.

Criterios de cualificación xerais:

Tarefas 20,00%

Exames presenciais 70,00%

Actitude e participación positiva na aula 10,00%

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ainda que a avaliación é continua, para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais, programaranse actividades de recuperación consistentes en repaso dos temas e das actividades prácticas.

Segundo o artigo 29 da Orde do 12 de xullo de 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 15 de xullo 2011), "o alumnado que teña módulos pendentes, entre a 3ª avaliación parcial e a final de módulos, deixarase un período non superior a 3 semanas que, entre outras actividades, destinarase á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes, deseñadas en base o informe individualizado de avaliación elaborado polo equipo docente, logo de realizada a 3ª avaliación".

Segundo o artigo 31 da citada Orde, o alumnado do rexime ordinario, que despois da avaliación parcial de módulos de 2º teña o módulo de Atención Hixiénica de 1º pendente por non acadar un ou máis RA, e non acceda á FCT, realizará actividades de recuperación propostas polo equipo docente, á vista do informe individualizado de avaliación, durante o 3º trimestre do segundo ano, no período ordinario da FCT.

O alumnado de oferta modular que non supere o módulo, despois da avaliación final de módulos, por non acadar un ou máis RA, deberá formalizar unha nova preinscripción e matrícula.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Tal e como indica a lexislación vixente:

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente, de acordo co establecido na Resolución do 3 de agosto de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2017/2018. As instrucións deste curso non imposibilitan que o alumno con PD poida realizar actividades de recuperación antes da proba extraordinaria e que esta proba pode realizarse antes da FCT, no caso do alumnado de segundo curso.

. Para aquel alumnado que perda o dereito de avaliación continua as probas de avaliación extraordinaria consistirán:

- Actividades prácticas de taller e de execución similares as realizadas ao longo do curso na aula.
- Nunha proba teórica das tres avaliacións, na que terá que aprobar as partes correspondentes a cada avaliación cunha nota mínima de 5 (non se efectuará nota media das tres partes si algunha destas está suspensa)
- Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas actividades procedementais como na proba teórica, non existindo a posibilidade de facer media entre ambas probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

. A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.  
Para o seguimento mensual utilizarase o modelo do procedemento de Programación establecido (utilizando, se é o caso a plataforma habilitada a tal efecto), que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.  
Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo.  
Observarase ao alumnado nas próximas semanas do curso e emitirase un informe para o/a titor/a. Éste recabará os informes individualizados do alumnado repetidor, así como información de estudos académicos, dos ditames específicos do alumnado con discapacidade de calquera tipo, e da experiencia profesional previa.  
A avaliación inicial, en ningún caso, levará consigo, cualificación para o alumnado.  
Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de xullo, o/a titor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que, trala avaliación inicial, se detecten necesidades de reforzo educativo, adaptaranse aqueles aspectos do proceso de ensinanza-aprendizaxe susceptibles de modificación (tarefas, recursos, espazos, tempos, modalidade de avaliación..) que permitan ao alumnado a adquisición dos RA do módulo, requisito imprescindible para a superación do módulo.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Favorecer a igualdade entre homes e mulleres, así como a integración do alumnado con discapacidade, a través de actividades interactivas e colaborativas, non só transmisivas.  
Fomentar o respecto mutuo, a igualdade de trato e a liberdade de pensamento.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades serán programadas e organizadas polo departamento e procurarase que sexan de interese para distintos módulos, como pode ser a visita a centros residenciais de diferente índole.  
Entre as posibilidades para o presente curso atopanse as seguintes:  
-Visita ao centro da ONCE en A Coruña  
-Visita a fundación Paideia, en A Coruña



- Visita a residencia da terceira idade O Castro, en Santiago de Compostela.
  - Visita ao centro de día, Porta do Camiño, en Santiago de Compostela.
  - Visita a MAPFRE.
  - Visita ao Centro da BARCIA.
  - Visita ás TERMAS DE CUNTIS.
  - Visita a ASPANAES.
- As actividades decidiranse na primeira xuntanza do equipo de ciclo, de cada curso escolar.